



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. PLURILINGÜE DOMAIO

Verdeal 23 - 36957 Moaña

Tel. 886110278 - Fax 886110282

Email: ceip.domaio @edu.xunta.gal

ADAPTACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR DO CENTRO AOS CAMBIOS NORMATIVOS NA AVALIACIÓN, NA PROMOCIÓN E NA TITULACIÓN.

Atendendo á orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, a adaptación da concreción curricular dos cursos de 2º, 4º e 6º de educación primaria, no noso centro, quedan da seguinte maneira:

AVALIACIÓN

A avaliación do alumnado será continua e global onde se terá en conta o progreso do conxunto dos procesos de aprendizaxe e, no momento que un/unha alumno/a non alcance unha evolución axeitada na súa aprendizaxe, o profesorado implicado do centro establecerá as medidas de reforzo pertinentes coa finalidade de intentar favorecer a adquisición das aprendizaxes imprescindibles que lle permitan continuar o proceso educativo.

A avaliación abrangue unha valoración do grado de adquisición tanto dos obxectivos da etapa como das competencias clave, cuxa avaliación está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, tomando como referente os criterios de avaliación establecidos na programación dos distintos cursos.

Ademais, considerarase á hora de avaliar os criterios de cualificación recollidos nas programacións de aula que asignan unha porcentaxe ás cualificacións obtidas nos contidos asociados ós estándares de aprendizaxe, así como tamén, o grado de adquisición das competencias relacionadas con ditos estándares.

PROMOCIÓN

O alumnado de 1º, 3º e 5º de primaria ó finalizar o curso promocionará de forma automática.

A decisión de promoción ou non do alumnado dos cursos de 2º, 4º e 6º de primaria será adoptada de forma colexiada na sesión de avaliación final, tomando en especial consideración a información e o criterio do profesor tutor.

Para decidir sobre a promoción do alumnado teranse en conta diversos aspectos:

- Grado de adquisición dos obxectivos programados nas distintas áreas de forma particular, así como os obxectivos de etapa.
- Valoración do desenvolvemento das competencias por parte da alumna ou do alumno tendo en conta a hora de determinalo os estándares de aprendizaxe das distintas áreas que se relacionan con cada competencia. Non poderán promocionar de curso se o mesmo alumno/a non ten adquirida a competencia matemática e a competencia na comunicación lingüística acorde a súa idade ó mesmo tempo.

- O equipo docente analizará a casuística particular do alumnado antes de determinar a permanencia no mesmo curso xa que a parte dos aspectos curriculares, no noso centro consideramos de vital importancia valorar aspectos socio-afectivos, motivacionais, psicolóxicos, familiares... posto que a finalidade primordial do proceso educativo é favorecer o correcto desenvolvemento das alumnas e alumnos. Por iso, a persoa que titoriza ese alumnado poderá argumentar razóns pedagóxicas nese sentido e de forma colexiada decidir finalmente a promoción desa nena ou neno en cuestión a pesares de non cumprir os criterios curriculares anteriormente descritos.
- A permanencia no mesmo curso considerarase como unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar outras medidas ordinarias, o equipo docente considera que a permanencia dun ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o desenvolvemento do alumnado implicado.
- Cando se adopte a medida excepcional da permanencia no mesmo curso, o equipo docente deseñará un Plan Específico de Reforzo, que terá como finalidade que o alumno ou a alumna acade o grao de adquisición adecuado dos obxectivos e competencias correspondentes.

Todo o alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

CONCESIÓN DA MENCIÓN HONORÍFICA

Atendendo ó establecido no artigo 5.4 da orde de avaliación do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:

“Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica ós alumnos e ás alumnas que superasen toda as áreas da etapa e obtivesen sobresaínte ó finalizar a educación primaria nunha área ou en varias, e que demostren un rendemento académico excelente”.